**Programación Didáctica do Departamento de Música do I.E.S. Fernando Esquío de Neda.**

**Curso 2020-2021**

**Xefe de Departamento:**
**Paulino Pereiro Martínez**

**N.R.P. 3242927768A0590**

**ÍNDICE**


1. **Introducción e contextualización……………………………………………….. páx. 4-6**
2. **Competencias clave. Estándares de aprendizaxe avaliables………..…………… páx.7**
3. **Obxectivos xerais da ESO………………………………………………………… páx. 8**
4. **1º ESO. Obradoiro de música. Introdución e contidos…………….……….. páx. 9-16**
5. **Adaptación para a actividade lectiva non presencial…………………………páx. 17**

   **Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable:**

   **-Temporalización………………………………………………….……….. páx. 18**

   **-Procedementos e instrumentos de avaliación…………………….………….. páx. 19**

   **-Grao mínimo de consecución para superar a materia……………….…. páx. 20**

   **-Criterios de avaliación…………………………………………………… páx. 21**

   **-Metodoloxía ……………………………………………….…………….. páx. 22**
6. **2º ESO. Música. Contidos……………………………………………….... páx. 23**

   **Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable:**

   **-Temporalización………………………………………….…………….. páx. 23-25**

   **-Adaptación para a actividade lectiva non presencial…………………páx. 26**

   **-Procedementos e instrumentos de avaliación…………………….………….. páx. 28**

   **-Grao mínimo de consecución para superar a materia……………………… páx. 29**

   **-Criterios de avaliación………………………………………………………. páx.30**

   **-Metodoloxía ……………………………………………….…………….. páx. 31**
7. **3º ESO. Música. Contidos…………………………………………………. páx. 32**

   **Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable :**

   **-Temporalización…………………………………………………….… páx. 32-33**
8. **-Adaptación para a actividade lectiva non presencial………………………páx. 34**

   **-Procedementos e instrumentos de avaliación……………………….….. páx. 35**

   **-Criterios de avaliación……………………………………………………páx. 36**

   **-Estándares de aprendizaxe…………………………………………..….páx. 37**

   **-Grao mínimo de consecución para superar a materia……………………… páx. 38**

   **-Metodoloxía ……………………………………………..………… páx. 39**

   **-Estándares de aprendizaxe non acadados no curso anterior (2º ESO)……..páx. 40**
9. **4º ESO. Música. Contidos…………………………………………………. páx. 41**

   **Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable:**

   **-Temporalización……………………………………………………..… páx. 41-43**

   **-Procedementos e instrumentos de avaliación…………………….………….. páx. 44**
10. **-Adaptación para a actividade lectiva non presencial…………………………páx. 45**

    **-Criterios de avaliación……………………………………………………páx. 46**

    **-Grao mínimo de consecución para superar a materia……………………… páx. 47**

    **-Estándares de aprendizaxe…………………………………………..….páx. 48**

    **-Metodoloxía ……………………………………………….…………….. páx. 49**

**-Estándares de aprendizaxe non acadados no curso anterior: 3º ESO páx. 50**

**11. 1º BACH. Linguaxe e práctica musical.**

**-Introdución…………………………………………………..………..... páx. 51**

**-Obxectivos…………………………………………………………..… .. páx. 51**

**-Contidos……………………………………………….….….……… . páx. 51-68**

**-Adaptación para a actividade lectiva non presencial………………………páx. 69**

**-Temporalización……………………………………………………..… páx. 70**

**-Procedementos e instrumentos de avaliación…………………..………….. páx. 71**

**-Grao mínimo de consecución para superar a materia………………………. páx. 72**

**-Orientacións metodolóxicas……………………..………………………. páx. 73**

**-Criterios de avaliación……………………………………………………páx. 74**

**-Estándares de aprendizaxe non acadados no curso anterior: 4º ESO páx. 75**

**12. Materiais e recursos didáctico…………………………………………… páx. 76**

**13. Indicadores de logro para avaliar o proceso da práctica docente……..…. páx. 77**

**14. Recuperación e avaliación de pendentes e repetidores………..………… páx. 78**

**12. Avaliación inicial……………………………………………………….. páx. 79**

**13. Atención á diversidade………………………………………….……….. páx. 80**

**14. Temas transversais…………………………………………….………… páx. 81**

**15. Actividades complementarias…………………………………………… páx. 82**

**16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora………………………. páx. 83**

**17. Información ás familias…………………………………………….......... páx. 84**

**18. Accións de acordo co proxecto lector………………………………….... páx. 85**

**19. Accións do plan de integración TIC……………………………………. páx. 86**

**20. Memoria do Curso 2019-2020 (inclúense as modificacións pola covid-19) …….. páx. 87**

## Introdución

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da lin-

guaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

## Contextualización da programación

O Departamento de Música ten ao seu cargo alumnos procedentes da zona de influencia de Neda e arredores, zona a medias rural e a medias urbana coas características socioculturais que iso implica. Xa que logo, a programación procurará utilizar na medida do posible elementos de aprendizaxe relacionados coa súa vida cotiá, entre eles, o da utilización do idioma vehicular que empregan a cotío nas súas vidas: o galego.

## Cursos e materias que imparte o Departamento

**Obradoiro de Música:** 1 grupo de **1º ESO** (A e B): 5 alumnos/as

**Música:** 2 grupos de **2º ESO** (A e B): 31 alumnos/as

**Música:** 2 grupos de **3º ESO** (A e B): 40 alumnos/as

**Música**: 1 grupo de **4º ESO**: 19 alumnos/as

**Linguaxe e Práctica musical**: 1 grupo de **1º de BACHARELATO A-B**: 17 alumnos/as

Número total de alumnos/as en que imparte materia o Departamento: 112

## Membros do Departamento e número de horas

O Departamento de Música consta dun único profesor, Xefe do Departamento, Paulino Fernando Pereiro Martínez, que imparte a materia en 1º, 2º, 3º e 4ª de ESO e mais en 1º de Bacharelato.

O Xefe imparte 15 horas lectivas de Música.

**Contribución da materia ao logro das competencias clave e estándares de aprendizaxe avaliables**

1. Adquisición da **competencia cultural e artística**, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas (pintura, literatura, etc.) e cos contextos sociais e históricos de cada obra musical.

2. Desenvolvemento da **competencia de autonomía e iniciativa persoal**, especialmente nas actividades relacionadas coa interpretación musical (perseveranza, autocrítica e autoestima).

3. **Competencia social e cidadá** para a relación cos demáis, obtida a partir do traballo cooperativo da interpretación e do traballo en grupo.

4. Desenvolvemento do tratamento da información e da **competencia dixital**, mediando o dominio básico dos recursos tecnolóxicos no eido da música (hardware e software musicais).

5. Mediante a potenciación da memoria e o desenvolvemento do sentido da orde e da análise, a música contribúe ao desenvolvemento da **competencia de aprender a aprender**.

6. Co coñecemento do vocabulario musical básico, a música contribúe á **competencia en comunicación lingüística**.

7. Coa reflexión sobre os temas de contaminación sonora e sobre o uso indiscriminado da música, esta contribúe á **competencia sobre o coñecemento e interacción co mundo físico**.

8. Os principios matemáticos relacionados co aspecto físico da música (propiedades do son, división do tempo, etc.) contribúen á **competencia matemática**.

ABREVIATURAS das competencias:

CCL Comunicación lingüística

CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

CD Competencia dixital

CAA Competencia en aprender a aprender

CSC Competencias sociais e cívicas

CSSIEE Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

CCEC Competencia en conciencia e expresión culturais

**Obxectivos xerais da ESO**

1. Desfrute da audición de obras musicais, non só para goce persoal senón como medio de enriquecemento da cultura artística, co fin de crear criterios sobre os que fundamentar os gustos persoais.

2. Coñecer na prática os medios de escritura da linguaxe musical. Aprender a descifrar minimamente unha partitura, así como a terminoloxía específica da arte da Música.

3. Calibrar a importancia da música e da súa utilización na vida cotiá e nos diferentes contextos sociais.

4. Poñerase especial énfase en que o alumnado acade algunhas das competencias básicas propostas pola Unión Europea, especialmente as seguintes:

-Competencia no tratamento da información e competencia dixital (traballarase esta competencia mediante o uso da Internet e mediante o manexo de programas informáticos relacionados coa música).

-Competencia social e cidadá (traballarase nas actividades de socialización relacionadas coa interpretación musical en conxunto).

-Competencia cultural e artística (traballarase non só cos temas relacionados coa historia da arte musical senón tamén coa arte actual, culta ou popular).

-Competencia para aprender a aprender (traballarase na maneira de que saiban organizar o tempo de estudio dos temas teóricos).

# Obradoiro de música

Introdución

A materia de Obradoiro de Música concíbese como unha continuación da formación musical recibida polo alumnado na Educación Primaria.

Esta materia pretende contribuír á integración e ao desenvolvemento persoal do alumnado que chega por primeira vez á Secundaria, tanto no que atinxe á interpretación en grupo como á necesidade de enfrontarse ó seu propio desenvolvemento persoal empregando a voz e o corpo para facer música.

A interpretación vocal e instrumental son os dous eixos arredor dos cales se organiza esta materia; está estruturada en bloques diferenciados nos que se alterna a escoita activa e a interpretación. En todo momento introducirase a linguaxe musical como apoio documental para que o alumnado vaia incorporando esta nova linguaxe dunha forma eminentemente práctica.

Debido á idade na que está o alumnado en 1° da ESO, hai que ter en conta os cambios fisiolóxicos que se producen no noso alumnado, tanto nos nenos como nas nenas. Nesta etapa vital do alumnado chega normalmente a muda da voz.

Todo elo poténciase coas tecnoloxías da información, da comunicación e coa creación artística que, aplicadas á música, constitúen un recurso importante para indagar, para obter información e para comunicarse, e un medio para crear e descubrir músicas de todos os estilos e culturas, facendo fincapé na nosa herdanza cultural galega e española como bases para xerar unha identidade musical nos nosos estudantes.

O Obradoiro de Música debe estar orientado a espertar o interese do alumnado por participar de forma activa, informada e lúdica como oínte, como intérprete ou como compositor tanto na súa vida académica como na súa vida privada.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico.

As disciplinas musicais non só desenvolven a creatividade, a sensibilidade artística e o criterio estético, tamén axudan ao alumnado da mesma forma que o resto de materias desta etapa, a adquirir os coñecementos e as habilidades para construír a súa personalidade, a traballar en equipo, a desenvolver o pensamento crítico e a converterse en cidadáns e cidadás que actúen de forma responsable e autónoma. En definitiva, a actividade musical nas súas diversas facetas favorece as capacidades sociais e expresivas do alumnado.

| | Obradoiro de música. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| Bloque 1. Interpretación e Creación | | | | |
| m<br>n | B1.1 A figuración rítmica: redondas, brancas, negras e corcheas, e os seus silencios.<br>B1.2 A altura das notas<br>B1.3 O compás binario, ternario e cuaternario<br>B1.4 Utilización de grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas. | B1.1 Identificar o pulso, figuras rítmicas básicas (redondas, brancas, negras e corcheas, e os seus silencios); sonoridade maior e menor; timbres instrumentais e vocais e diferentes intensidades e velocidades. | OMB1.1.1 Identifica figuras rítmicas básicas: redondas, brancas, negras e corcheas. | CCEC<br>C M C<br>CT |
| | | | OMB1.1.2 Diferenza en tornos melódicos maiores e menores. | CCEC<br>CAA |
| | | | OMB1.1.3 Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | CCEC<br>C M C<br>CT<br>CAA |
| k<br>g | B1.5 Coñecemento básico do aparello fonador. Aplicación práctica.<br>B1.6 Iniciación ao canto: respiración diafragmática. Postura correcta para o canto, a emisión e a proxección vocal. Exercicios. | B1.2 Cantar as cancións e exercicios propostos en clase de forma correcta en todos os procesos: postura, respiración, emisión e resonancia da voz. | OMB1.2.1 Mantén unha correcta postura e respiración ao entoar. | CAA<br>CCEC |
| | | | OMB1.2.2 Coñece e comprende o seu proceso de emisión e resonancia da voz. | CCEC<br>C M C<br>CT<br>CAA |
| | | | OMB1.2.3 Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | CAA<br>CCEC |
| | | | OMB1.2.4 Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | CCEC<br>C M C<br>CT<br>CAA |
| k<br>n | B1.7 O corpo como medio de expresión musical: características xenéricas e formais.<br>B1.8 Improvisación de pequenas pezas de xeito individual mediante o uso da voz e da percusión corporal. | B1.3 Utilizar os diferentes sons producidos mediante percusión corporal e coa voz, para a creación, a improvisación e a interpretación de pequenas pezas rítmicas. | OMB1.3.1 Utiliza os elementos producidos para elaborar pezas instrumentais e vocais de carácter rítmico. | CCEC<br>CAA |
| a<br>j<br>l | B1.9 A escala musical e o seu uso máis habitual na música occidental. Uso da escala diatónica maior e da escala pentatónica.<br>B1.10 Improvisación de | B1.4 Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns, coa voz, a percusión corporal, percu- | OMB1.4.1 Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns | CAA<br>CCEC |

| | Obradoiro de música. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | pequenas estruturas polifónicas utilizando un ostinato e a escala pentatónica. | sión, instrumentos de láminas e demais instrumentos de aula. | OMB1.4.2 Utiliza os elementos e recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións e pezas instrumentais. | CAA<br>CCEC<br>CSIE |
| | | | OMB1.4.3 Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | |
| | | | | |
| | | | | |
| k | B1.14 Técnica básica na pequena percusión. | B1.6 Interpretar pezas instrumentais cunha postura corporal adecuada e con precisión rítmica e melódica. | OMB1.6.1 Mantén unha postura correcta ao tocar ante os instrumentos. | CAA<br>CCEC |
| | | | OMB1.6.2 Utiliza técnicas axeitadas ao tocar os diferentes instrumentos. | CAA<br>CCEC |
| | | | OMB1.6.3 Busca a precisión rítmica e melódica nas interpretacións. | CAA<br>CCEC |
| | | | | |
| f<br>j | B1.15 A forma musical: formas binarias e ternarias.<br>B1.16 Elementos básicos dos fundamentos da composición: a repetición e a imitación. | B1.7 Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical. | OMB1.7.1 Comprende os conceptos e termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e cos tipos formais. | CCEC |
| b<br>d<br>l<br>m<br>n | B1.17 Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras. | B1.8 Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e habilidades como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e aportando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | OMB1.8.1 Amosa interese polo coñecemento e polo coidado da voz, do corpo e dos instrumentos. | CAA<br>CCEC |
| | B1.18 Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as demais intérpretes. Atención ao silencio como elemento básico do feito musical.<br>B1.19 Aceptación e cum- | | OMB1.8.2 Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto, mostrando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo | CAA<br>CCEC<br>CSIE<br>CSC |

| | Obradoiro de música. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | primento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | | OMB1.8.3 Participa de xeito activo en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e de compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | CAA<br>CCEC<br>CSIEE<br>CSC |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| Bloque 2. Escoita | | | | |
| m<br>n | B2.2 Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e de instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais. | B2.1 Identificar e coñecer as posibilidades físicas dos instrumentos de que se dispoña na aula. | OMB2.1.1 Diferenza as sonoridades dos instrumentos da aula, así como a súa forma. | CAA<br>CCEC |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

| | Obradoiro de música. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | |
| e<br>g<br>i<br>j<br>m<br>n | B3.1 A música ao servizo doutras linguaxes: cinematográfica, radiofónica ou publicitaria. | B3.1 Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas. | OMB3.1.1 Relaciona con coherencia diferentes disciplinas artísticas | CAA<br>CCEC |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| j<br>l<br>m<br>n | B3.3 Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega. | B3.3 Contextualizar as obras interpretadas, amosando interese por diversificar o seu repertorio. | | |
| | | | OMB3.3.2 Utiliza fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes e grupos de música popular, reflexionando sobre elas. | CCL<br>CD<br>CSIE<br>E |
| | | | | |
| | | Bloque 4. Música e Tecnoloxías | | |
| e<br>n | B4.1 Utilización dos medios de comunicación, de dispositivos electrónicos, recursos da Internet e software musical para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.<br>B4.2 Aplicación de técnicas de gravación dixital, para rexistrar as creacións propias e as interpretacións realizadas no contexto da aula.<br>B4.3 Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais. | B4.1 Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles, amosando un coñecemento básico das técnicas e procedementos necesarios para gravar e reproducir. | OMB4.1.1 Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | CD |

| | Obradoiro de música. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Com-peten-cias clave |
| | | | | |

# Obradoiro de música. 1º ESO

# ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

**BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**
**Contidos**

B1.1 A figuración rítmica: redondas, brancas, negras e corcheas, e os seus silencios.

B1.2 A altura das notas

B1.3 O compás binario, ternario e cuaternario

B1.4 Utilización de grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.

**Temporalización: 4 clases.**

B1.5 Coñecemento básico do aparello fonador.

**Temporalización: 2 clases.**

B1.6 O corpo como medio de expresión musical: características xenéricas e formais.

B1.8 Improvisación de pequenas pezas de xeito individual mediante o uso da percusión corporal.

**Temporalización: 2 clases.**

B1.9 A escala musical e o seu uso máis habitual na música occidental. Uso da escala diatónica maior e da escala pentatónica.

B1.10 Improvisación de pequenas estruturas polifónicas utilizando un ostinato e a escala pentatónica.

**Temporalización: 2 clases.**

B1.11 Técnica básica na pequena percusión.

B1.12 A forma musical: formas binarias e ternarias.

B1.13 Elementos básicos dos fundamentos da composición: a repetición e a imitación.

B1.14 Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.

B1.15 Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as demais intérpretes. Atención ao silencio como elemento básico do feito musical.

B1.16 Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

**Temporalización: 4 clases.**

**BLOQUE 2: ESCOITA**
**Contidos**

B2.1 Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e de instrumentos.

**Temporalización: 2 clases.**

**BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**
**Contidos**

B3.1 A música ao servizo doutras linguaxes: cinematográfica e publicitaria.

**Temporalización: 2 clases.**

B3.2 Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.

**Temporalización: 2 clases.**

**BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

**Contidos**

B4.1 Utilización dos medios de comunicación, de dispositivos electrónicos, recursos da Internet e software musical para a creación musical.

B4.2 Aplicación de técnicas de gravación dixital, para rexistrar as creacións propias e as interpretacións realizadas no contexto da aula.

**Temporalización: 3 clases.**

# ADAPTACIÓN PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

**ELABORACIÓN DOS SEGUINTES TRABALLOS:**

1. Gravación de 2 anuncios publicitarios co móbil seguindo as instruccións que lle facilitará o profesor. Un deles utilizará música pre-gravada e o outro música elaborada e gravada co móbil polo propio alumno, actividade coa que traballarán tanto a teoría da música publicitaria como as técnicas de gravación dixital ao tempo que se fomenta no alumnado a creatividade.
2. Realización de 2 traballos:

1. Sobre un compositor de música cinematográfica, en que o profesor lles indicará o que deben facer e como facelo: pequena biografía, estilo ou estilos musicais, principais películas, bibliografía e webgrafía.

2. Sobre un grupo ou solista musical galego,en que o profesor lles indicará o que deben facer e como facelo: pequena biografía, estilo ou estilos musicais, principais cancións, bibliografía e webgrafía.

**Estándares de aprendizaxe**
**BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**

1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical.
2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura.
3. Interpreta estruturas musicais elementais.
4. Memoriza e interpreta pezas vocais e/ou instrumentais do patrimonio galego, español ou universal.

**Estándares de aprendizaxe**
**BLOQUE 2: ESCOITA**

1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra e dos diferentes tipos de voces.

**Estándares de aprendizaxe**
**BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

1. Valora e respecta o patrimonio musical galego e español.

**Estándares de aprendizaxe**
**BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

1. Coñece algunhas das posibilidades das novas tecnoloxías para a actividade musical.

**Procedementos e instrumentos de avaliación**
**Avaliación, corrección e recuperación para 1º de E.S.O.**

1. Probas escritas (2 por avaliación).

2. Probas práticas de solfexo elemental (mínimo 2/ máximo 6 por avaliación): lectura de notas, figuras, escalas e práctica de compases. Execución de 2 pezas sinxelas para instrumentos: xilófonos ou metalófonos con acompañamento opcional de percusión.

3. Dado que a avaliación do alumnado, no que se refire á práctica, é continua, as recuperacións limitaranse aos temas teóricos: un exame de recuperación por cada avaliación.

4. Farase a media matemática das probas práticas e teóricas.

**Grao mínimo de consecución para superar a materia**

Obter un 5 de media entre todas as probas.

**Criterios de avaliación**
**BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**

1. Utiliza os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama, clave de sol, duración das figuras, indicacións de matiz, indicacións rítmicas e de tempo).

2. Interpreta estruturas musicais elementais.

3. Participa activamente nas actividades de interpretación.

**Criterios de avaliación**
**BLOQUE 2: ESCOITA**

1. Identificar e describir os instrumentos e as voces.
2. Seguir partituras como apoio ás tarefas da audición.

.

**Criterios de avaliación**
**BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas, como o cine ou a publicidade.
2. Apreciar a importancia do patrimonio musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.

3. Utilizar os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

**Criterios de avaliación BLOQUE 4:**
**MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

1. Utilizar recursos tecnolóxicos para gravar e reproducir música.
2. Utilizar os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe do feito musical.

**Metodoloxía didáctica (para 1 º de ESO)**

As clases comezarán cunha explicación teórica sobre o tema en cuestión acudindo a audicións para exemplificar o explicado. A continuación o profesor practicará cos alumnos os elementos específicos relativos á lectura de notas, ritmos e demais elementos da linguaxe musical, pasando, a continuación, á práctica e ensaio cos instrumentos de que se dispón na aula (xilófonos, metalófonos e algúns instrumentos de percusión) e voces. Por suposto, a metodoloxía variará en función dos temas que se expliquen pero sempre se procurará que haxa en cada sesión de clase audicións e (cada certo tempo) prácticas de técnica musical e/ou de prática instrumental e vocal.

No apartado de prácticas, procurarase que o alumno aprenda a memorizar ritmos e melodías así como a recoñecer intervalos e fórmulas rítmicas. Tamén se habituará ás pautas de interpretación: atención ao director, individualización do papel de cada alumno e escoita en conxunto do que fan os demais.

Non se utilizará libro de texto, senón apuntamentos e fotocopias de partituras.

# MÚSICA 2º ESO

# ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

**BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**
**Contidos**

1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical.

   -Explicación da altura, a intensidade, o timbre e a duración.

   **Temporalización: 3 clases.**
2. Características da voz como medio de expresión musical.

   -Explicación do funcionamento da voz e dos diferentes tipos de voces: infantís, masculinas e femininas (soprano, mezzo, contralto, castrato, falsetistas artificiais, contratenor, tenor, barítono e baixo).

   **Temporalización: 2 clases.**
3. Os instrumentos e o corpo como medios de expresión musical.

   -Definición de instrumento musical. Idiófonos, membranófonos, cordófonos, aerófonos e electrófonos.

   -Utilización do corpo como instrumento: palmas, susurros, etc.

   **Temporalización: 2 clases.**
4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas.

   -Explicacións das principais formacións de música culta, de cámara e orquestrais (dúo, trío, cuarteto de corda, quinteto de vento, orquestra sinfónica, banda e fanfarria); formacións de música popular, os grupos pop-rock, os coros, agrupacións de música folclórica galega (o cuarteto tradicional de 2 gaitas, tamboril e bombo).

   **Temporalización: 2 clases.**
5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

   -Exercicios de respiración diafragmática e de relaxación baixo a guía do profesor.

   **Temporalización: 1 clase.**
6. Formas de notación musical, convencionais e inventadas.

-Explicación elemental da notación alfabética (os neumas) e principios fundamentais da diastemática.

-Traballo de invención dunha escrita musical a cargo dos alumnos.

**BLOQUE 2: ESCOITA**
**Contidos**

1. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións instrumentais.
   -Audicións de diferentes voces e de instrumentos combinados: arias e dúos de ópera e diferentes combinacións dos instrumentos da orquestra executando música de cámara.
   **Temporalización: 2 clases.**
2. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo e dinámica.

   -Explicación dos diferentes tipos de melodías e de texturas.

   -Orixes do ritmo.

   -A dinámica, o tempo (velocidades e maneira de indicalas: o léxico italiano, o metrónomo) e o timbre.

   -A forma musical: principais estruturas: rondó, lied estrófico e ternario, a fuga e a forma sonata.

   **Temporalización: 2 clases.**
3. A contaminación sonora.

   -Definición e explicación das repercusións da contaminación acústica na vida diaria dos alumnos/as.

   -Explicación do sonómetro e dos diferentes niveis de decibeles das variadas actividades humanas e dos ruídos naturais.

   **Temporalización: 1 clase.**

**BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**
**Contidos**

1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica e publicitaria.
   -Características da música escénica, da música na radio, na televisión e na publicidade.
   **Temporalización: 4 clases.**

2. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.

   -Breve historia dos estilo da música popular do século XX e comezos do XXI.

   **Temporalización: 3 clases.**

3. Coñecemento e emprego dos recursos necesarios para a conservación e difusión das creacións musicais.

   -A gravación musical na actualidade: o móbil / tablet, o ordenador. Breve coñecemento do funcionamento dun estudo de gravación.

   **Temporalización: 3 clases.**

**BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS**
**Contidos**

1. Utilización de software musical para a creación musical.

   -Explicación elemental do programa de edición de partituras FINALE.

   **Temporalización: 3 clases.**

2. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais. A gravación dixital.

   -Explicación elemental do programa MIDI de FINALE.

   **Temporalización: 3 clases.**

# ADAPTACIÓN PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

**ELABORACIÓN DOS SEGUINTES TRABALLOS:**

1. Gravación de 2 anuncios publicitarios co móbil seguindo as instruccións que lle facilitará o profesor. Un deles utilizará música pre-gravada e o outro música elaborada e gravada co móbil polo propio alumno, actividade coa que traballarán tanto a teoría da música publicitaria como as técnicas de gravación dixital ao tempo que se fomenta no alumnado a creatividade.
2. Realización de 2 traballos:

1. Sobre un compositor de música cinematográfica, en que o profesor lles indicará o que deben facer e como facelo: pequena biografía, estilo ou estilos musicais, principais películas, bibliografía e webgrafía.

2. Sobre un grupo ou solista musical galego,en que o profesor lles indicará o que deben facer e como facelo: pequena biografía, estilo ou estilos musicais, principais cancións, bibliografía e webgrafía.

**Estándares de aprendizaxe**
**BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**

1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.
2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de fragmentos musicais.
3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos sinxelos en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.
4. Distingue e emprega os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama, clave de sol, duración das figuras e indicacións de intensidade, matices e tempo.).
5. Interpreta estruturas musicais elementais.
6. Utiliza os recursos adquiridos para crear cancións ou pequenas pezas instrumentais.
7. Memoriza e interpreta pezas vocais e/ou instrumentais do patrimonio galego, español ou universal.

**Estándares de aprendizaxe**
**BLOQUE 2: ESCOITA**

1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra e dos diferentes tipos de voces.
2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna e do folclore galego, español e doutros países.
3. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.

**Estándares de aprendizaxe**
**BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

1. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.
2. Valora e respecta o patrimonio musical galego e español.

**Estándares de aprendizaxe**
**BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

1. Coñece algunhas das posibilidades das novas tecnoloxías para a actividade musical.
2. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos para a elaboración de traballos relacionados co feito musical.

**Procedementos e instrumentos de avaliación**

**Avaliación, corrección e recuperación para 2º de E.S.O.**

1. Probas escritas (2 por avaliación como mínimo).

2. Probas práticas de solfexo elemental (2 por avaliación): lectura de notas, figuras, escalas e prática de compases.

3. Dado que a avaliación do alumnado, no que se refire á prática, é continua, as recuperacións limitaranse aos temas teóricos: un exame de recuperación por cada avaliación.

4. Farase a media matemática das probas práticas e teóricas.

**Grao mínimo de consecución para superar a materia**

Obter un 5 de media entre todas as probas.

**Criterios de avaliación**
**BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**

1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.
2. Utiliza os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama, clave de sol, duración das figuras, indicacións de matiz, indicacións rítmicas e de tempo).
3. Interpreta estruturas musicais elementais.
4. Participa activamente nas actividades de interpretación.

**Criterios de avaliación**
**BLOQUE 2: ESCOITA**

1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.
2. Seguir distintos tipos de partituras como apoio ás tarefas da audición.

.

**Criterios de avaliación**
**BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas, como o cine ou a publicidade.
2. Apreciar a importancia do patrimonio musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.
3. Utilizar os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

**Criterios de avaliación BLOQUE 4:**
**MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

1. Utilizar recursos tecnolóxicos para gravar e reproducir música.
2. Utilizar os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

**Metodoloxía didáctica (para 2 º de ESO)**

As clases comezarán cunha explicación teórica sobre o tema en cuestión acudindo a audicións para exemplificar o explicado. A continuación o profesor praticará cos alumnos os elementos específicos relativos á lectura de notas, ritmos e demais elementos da linguaxe musical. Por suposto, a metodoloxía variará en función dos temas que se expliquen pero sempre se procurará que haxa en cada sesión de clase audicións e (cada certo tempo) e práticas de técnica musical.

No apartado de práticas, procurarase que o alumno aprenda a ler, escribir e memorizar ritmos e melodías así como a recoñecer intervalos e fórmulas rítmicas. Tamén se habituará ás pautas de interpretación: atención ao director, individualización do papel de cada alumno e escoita en conxunto do que fan os demais.

Non se utilizará libro de texto, senón apuntamentos puntuais que se facilitarán fotocopiados.

# MÚSICA 3º ESO

# ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

**Plan de recuperación da materia non impartida no curso anterior**
Dedicaranse as primeiras catro semanas do próximo curso ás seguintes tarefas:
-Elaboración de traballos sobre a contaminación acústica.
-Explicación da forma musical (principais estruturas: rondó, lied estrófico e ternario, a fuga e a forma sonata).

**BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**
**Contidos**

1. Repaso dos elementos da representación gráfica da música.
   -Notas, figuras, signos de prolongación, compases e indicacións de tempo e de matiz.
   **Temporalización: 2 clases.**
2. A textura. Definición e caracterización de cada un dos tipos de texturas monódicas e polifónicas.

   **Temporalización: 1 clase.**

3. Procedementos compositivos e formas de organización musical.

   -Explicación dos procedementos de repetición e variación.

   **Temporalización: 2 clases.**

**BLOQUE 2: ESCOITA**
**Contidos**

1. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais.
   -Voces masculinas (castrato, falsetistas artificais, tenor, barítono e baixo) e femininas (soprano, mezzo e contralto). Audicións de arias operísticas cos diferentes tipos.
   **Temporalización: 2 clases.**
2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición. **Temporalización: 2 clases.**

3. Audición e análise elemental de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais.
   -Distinguir o compás, a velocidade, a textura e a forma musical a partir de diferentes audicións.
   **Temporalización: 2 clases.**

4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo e dinámica.
   **Temporalización: 2 clases.**

**BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

**Contidos**

1. A música ao servizo doutras linguaxes: música cinematográfica.
   -Explicacion das principais características da música no cine.
   **Temporalización: 3 clases.**
2. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e concertos de música galega, occidental ou doutras culturas. **Temporalización: 2 clases.**
3. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación.
   -Explicacion das principais características da música na radio, na televisión e na publicidade. **Temporalización: 4 clases.**
4. Épocas da historia da música: características principais e autores significativos.
   -Idade Media (Léonin, Pérotin, Guillaume de Machaut)
   -Renacemento (Palestrina, Vitoria)
   -Barroco (Bach, Haendel, Vivaldi)
   -Clasicismo (Haydn, Mozart, Beethoven)
   -Romanticismo (Schubert, Schumann, Liszt, Chopin, Brahms, Wagner e Verdi)
   -Nacionalismo (Grupo dos Cinco, Bartok, Grieg, Falla e Albéniz)
   -Impresionismo (Debussy e Ravel)
   -Expresionismo (Schoenberg) **Temporalización: 8 clases.**

**BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

**Contidos**

1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical para a escoita e a investigación musical. **Temporalización: 2 clases.**

# ADAPTACIÓN PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

**ELABORACIÓN DOS SEGUINTES TRABALLOS:**

1. Gravación de 2 anuncios publicitarios co móbil seguindo as instruccións que lle facilitará o profesor. Un deles utilizará música pre-gravada e o outro música elaborada e gravada co móbil polo propio alumno, actividade coa que traballarán tanto a teoría da música publiciotaria como as técnicas de gravación dixital ao tempo que se fomenta no alumnado a creatividade.
2. Realización de 2 traballos:

1. Sobre un compositor de música cinematográfica, en que o profesor lles indicará o que deben facer e como facelo: pequena biografía, estilo ou estilos musicais, principais películas, bibliografía e webgrafía.

2. Sobre un grupo ou solista musical galego,en que o profesor lles indicará o que deben facer e como facelo: pequena biografía, estilo ou estilos musicais, principais cancións, bibliografía e webgrafía.

# 3º ESO

**Procedementos e instrumentos de avaliación**

**Avaliación, corrección e recuperación para 3º de E.S.O.**

1. Probas escritas (2 por avaliación como mínimo).

2. Probas práticas de solfexo elemental (2 por avaliación): lectura de notas, figuras, escalas e práctica de compases.

3. As recuperacións limitaranse aos temas teóricos: un exame de recuperación por cada avaliación.

4. Farase a media matemática das probas prácticas e teóricas.

5. Realización de traballos individuais sobre autores/intérpretes dos diferentes estilos da música culta e/ou popular.

**Criterios de avaliación**
**BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**

1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama, notas adicionais, clave de sol, duración das figuras, matices e indicacións de tempo).
2. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura.
3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.

**Criterios de avaliación**
**BLOQUE 2: ESCOITA**

1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións.
2. Recoñecer auditivamente a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais.
3. Identificar formas de organización e estruturación musical.

**Criterios de avaliación**
**BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas.
2. Coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas.
3. Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.

   Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.

**Criterios de avaliación**
**BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

1. Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais.
2. Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe do feito musical.

**Estándares de aprendizaxe**
**BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**

1. Distingue e emprega os elementos da representación gráfica da música.
2. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.
3. Canta pezas vocais propostas.
4. Practica a relaxación e a respiración.
5. Realiza composicións elementais seguindo pautas previamente establecidas.
6. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais.

**Estándares de aprendizaxe**
**BLOQUE 2: ESCOITA**

1. Estuda as posibilidades da voz e os instrumentos e a súa evolución ao longo da historia da música.
2. Le e analiza partituras como apoio á audición.
3. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.
4. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais.

**Estándares de aprendizaxe**
**BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas.
2. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondente.
3. Distingue e sitúa temporalmente as épocas da historia da música e as tendencias musicais.
4. Relaciona os acontecementos históricos e a música na sociedade.
5. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular.

**Estándares de aprendizaxe**
**BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentos para a actividade musical.
2. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

**Grao mínimo de consecución para superar a materia**

Obter un 5 de media entre todas as probas.

**Metodoloxía didáctica (para 3 º de ESO)**

As clases comezarán cunha explicación teórica sobre o tema en cuestión acudindo a audicións para exemplificar o explicado. A continuación o profesor praticará cos alumnos os elementos específicos relativos á lectura de notas, ritmos e demais elementos da linguaxe musical. Por suposto, a metodoloxía variará en función dos temas que se expliquen pero sempre se procurará que haxa en cada sesión de clase audicións e (cada certo tempo) e práticas de técnica musical.

No apartado de práticas, procurarase que o alumno aprenda a ler, escribir e memorizar ritmos e melodías así como a recoñecer intervalos e fórmulas rítmicas.

Non se utilizará libro de texto, senón apuntamentos que puntualmente se facilitarán fotocopiados.

**Estándares de aprendizaxe non acadados no curso anterior (2º ESO)**

-Creación de pequenas pezas instrumentais.

-Memorización e interpretación de pezas vocais e/ou instrumentais galegas ou universais.

-Invención dunha escrita musical a cargo dos alumnos.

-Práctica de pezas musicais aprendidas coa lectura de partituras e posterior memorización.

-A forma musical: principais estruturas: rondó, lied estrófico e ternario, a fuga e a forma sonata.

-Elaboración de traballos sobre a contaminación acústica.

# MÚSICA 4º ESO

# ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

**Plan de recuperación da materia non impartida en 3º ESO**
No caso de escolleren a materia optativa de 4º de ESO, dedicaranse as primeiras catro semanas a explicar:
-Épocas da Historia da Música (oa diferentes estilos): principais características e autores máis importantes, coa finalidade de que recoñezan e sitúen no espazo e no tempo as músicas das diferentes épocas históricas así como algúns exemplos de músicas doutras culturas.
-Realización de composicións elementais seguindo pautas previamente establecidas.
-Emprego de conceptos musicais para comunicar as opinións musicais.

**BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**
**Contidos**

1. Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais.

-Compoñer diferentes ritmos e aprender a escribilos. **Temporalización: 4 clases.**

**BLOQUE 2: ESCOITA**
**Contidos**

1. Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.
   **Temporalización: 4 clases.**
2. Aprendizaxe do vocabulario adecuado para describir a música.

   -Comentario dun programa de concerto de música culta.

   **Temporalización: 3 clases.**
3. Utilización de diversas fontes de información sobre músicas de diferentes épocas e culturas.

   **Temporalización: 3 clases.**
4. Edición, comercialización e difusión da música..

   -Elaboración dun traballo sobre as descargas ilegais desde Internet.

   **Temporalización: 3 clases.**

5. A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas modas musicais.

   -Elaboración dun traballo sobre as características máis salientables dalgún dos estilos musicais da actualidade.

   **Temporalización: 3 clases.**

**BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

**Contidos**

1. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego.
   **Temporalización: 4 clases.**

2. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.

   -Breve historia da música popular urbana.

   **Temporalización: 9 clases.**
3. Manifestacións musicais doutras culturas.

   -A música hindú.

   **Temporalización: 2 clases.**
4. A música ao servizo doutras linguaxes: teatral, cinematográfica, radiofónica e publicitaria.

   **Temporalización: 3 clases.**
5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre música popular urbana.

   **Temporalización: 3 clases.**
6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación.

   **Temporalización: 6 clases.**

**BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

**Contidos**

1. Os instrumentos electrónicos.
2. Historia da música electrónica

**Temporalización: 3 clases.**

3. Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, radio, televisión, cine e videoxogos.

   **Temporalización: 6 clases.**

**Procedementos e instrumentos de avaliación**
**Avaliación, corrección e recuperación para 4º de E.S.O.**

1. Probas escritas (2 por avaliación).

2. Probas práticas de solfexo elemental (2 por avaliación): lectura de notas, figuras, escalas e prática de compases.

3. Dado que a avaliación do alumnado, no que se refire á prática, é continua, as recuperacións limitaranse aos temas teóricos: un exame de recuperación por cada avaliación.

4. Farase a media matemática das probas práticas e teóricas.

# ADAPTACIÓN PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

**ELABORACIÓN DOS SEGUINTES TRABALLOS:**

1. Gravación de 2 anuncios publicitarios co móbil seguindo as instruccións que lle facilitará o profesor. Un deles utilizará música pre-gravada e o outro música elaborada e gravada co móbil polo propio alumno, actividade coa que traballarán tanto a teoría da música publiciotaria como as técnicas de gravación dixital ao tempo que se fomenta no alumnado a creatividade.
2. Realización de 2 traballos:

1. Sobre un compositor de música cinematográfica, en que o profesor lles indicará o que deben facer e como facelo: pequena biografía, estilo ou estilos musicais, principais películas, bibliografía e webgrafía.

2. Sobre un grupo ou solista musical galego,en que o profesor lles indicará o que deben facer e como facelo: pequena biografía, estilo ou estilos musicais, principais cancións, bibliografía e webgrafía.

**Criterios de avaliación**
**BLOQUE 1: CREACIÓN**

1. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos.

**Criterios de avaliación**
**BLOQUE 2 : ESCOITA**

1. Analizar e describir as principais carcterísticas de pezas musicais apoiándose na audición.
2. Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais.
3. Recoñecer auditivamente, clasificar, situar no tempo e no espazo, e determinar a época ou a cultura e o estilo das obras musicais escoitadas.
4. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.

**Criterios de avaliación**
**BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega.
2. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras manifestacións artísticas.
3. Coñecer e analizar as características dalgúns dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual.

**Criterios de avaliación BLOQUE 4:**
**MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

1. Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando diferentes recursos informáticos.
2. Caracterizar a función da música nos medios de comunicación (radio, televisión, cine, etc.) e as súas aplicacións na publicidade e nos videoxogos.

**Grao mínimo de consecución para superar a materia**

Obter un 5 de media entre todas as probas.

**Estándares de aprendizaxe**
**BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**

1. Le partituras como apoio á interpretación.
2. Coñece e utiliza axeitadamente procedementos compositivos elementais para arranxar e compór música.
3. Utiliza con autonomía recursos informáticos elementais ao servizo da creación musical.

**Estándares de aprendizaxe**
**BLOQUE 2 : ESCOITA**

1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.
2. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.
3. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais utilizando a terminoloxía axeitada.
4. Sitúa a obra musical nas coordenadas espazo-temporais.

**Estándares de aprendizaxe**
**BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

1. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical galego e español no seu contexto histórico e social.
2. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.
3. Recoñece e explica as características básicas da música popular urbana.
4. Elabora traballos de investigación relacionando a música con outras manifestacións artísticas.

**Estándares de aprendizaxe para 4º ESO**
**BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.
2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.
3. Elabora traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación

**4º de E.S.O.**

(Materia optativa. Tres horas por semana)

**Metodoloxía didáctica**

**(para 4º de ESO)**

As clases comezarán cunha explicación teórica sobre o tema en cuestión acudindo a audicións para exemplificar o explicado. A continuación o profesor praticará cos alumnos os elementos específicos do tema en cuestión. Por suposto, a metodoloxía variará en función dos temas que se expliquen pero sempre haberá na hora de clase audicións e/ou práticas de execución musical e/ou vocal.

Non se utilizará libro de texto senón apuntamentos puntuais facilitados polo profesor.

**Estándares de aprendizaxe non acadados no curso anterior (3º ESO)**

-Épocas da historia da música: características principais e autores significativos.

-Recoñecemento e situación no espazo e no tempo de músicas de diferentes culturas e épocas históricas.

-Realización de composicións elementais seguindo pautas previamente establecidas.

-Emprego de conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais.

# LINGUAXE MUSICAL. 1º BACHARELATO ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

**Plan de recuperación da materia non explicada en 4º ESO**

No caso de escolleren a materia optativa de 1º de Bacharelato, dedicaranse as primeiras catro semanas a explicar:

-a música popular urbana (características básicas, e breve historia),

-unha brevísima historia da música occidental (que sería consolidada e ampliada en 2º de Bacharelato)

-técnicas básicas para a elaboración dun producto audiovisual.

| | Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Destrezas musicais | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ ñ | | | ▪ LPMB1.1. 1. Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ LPMB1.1.2. Realiza exercicios de respiración e relaxación. | ▪ CAA<br>▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ n<br>▪ ñ | | ▪ B1.2. Identificar e reproducir intervalos, modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partir de diferentes alturas. | ▪ LPMB1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ ñ<br>▪ p | ▪ B1.4. Interiorización do pulso.<br>▪ B1.6. Práctica da lectura nas claves de sol e fa en cuarta, e da escritura tanto melódica como harmónica.<br>▪ B1.7. Práctica da lectura de obras musicais utilizando partituras. | ▪ B1.3. Identificar e executar instrumentalmente ou vocalmente estruturas e patróns rítmicos ou melódicos simultáneos dunha obra breve ou dun fragmento. | ▪ Interpreta estruturas rítmicas adecuadas a este nivel. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LPMB1.3.2. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ LPMB1.3.3. Practica a lectura e a escritura musical. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | Bloque 2. A audición comprensiva | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ i<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B2.1. Percepción e identificación do pulso, dos acentos e dos compases binarios, ternarios e cuaternarios.<br>▪ B2.2. Percepción, identificación e transcrición de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario ou ternario. | ▪ B2.1. Recoñecer autidivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o acento periódico. | ▪ LPMB2.1.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B2.4. Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo.<br>▪ B2.5. Recoñecemento das texturas musicais e dos timbres instrumentais nas obras escoitadas.<br>▪ B2.7. Recoñecemento auditivo e transcrición dos esquemas rítmicos, das melodías e dos intervalos.<br>▪ B2.8. Reprodución vocal memorizada dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes. | ▪ B2.2. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as característicos das obras escoitadas. | ▪ LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos, etc., das obras escoitadas. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ LPMB2.2.3. Escoita obras musicais seguindo a partitura. | ▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco. | ▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ LPMB2.2.5. Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

| | Bloque 3. A teoría musical | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B3.1. Coñecemento das grafías das fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que modifican a duración, síncope, anacruse, notas a contratempo, os grupos de valoración especial contidos en un e varios pulsos, etc.<br>▪ B3.2. Coñecemento das grafías e dos termos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo e á á articulación musical e ao ataque dos sons. | ▪ B3.1. Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os termos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical. | ▪ LPMB.3.1.1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ LPMB.3.1.2. Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ i<br>▪ n | ▪ B3.4. Coñecemento das normas de escritura melódica.<br>▪ B3.5. Coñecemento e comprensión dos ritmos característicos das danzas e das obras musicais.<br>▪ B3.6. Coñecemento e comprensión de escalas, funcións tonais, intervalos, cadencias, acordes básicos e complementarios, tonalidade, modalidade e modulación. | ▪ B3.2. Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical. | ▪ LPMB.3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LPM3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ LPM3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | Bloque 4. A creación e a interpretación | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.1. Realización instrumental de fórmulas rítmicas orixinadas polo pulso binario ou ternario. | ▪ B4.1. Improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado de maneira tanto individual como conxunta. | ▪ LPMB.4.1.1. Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas. | ▪ CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.3. Utilización das escalas e acordes máis habituais no sistema modal e tonal. | | ▪ LPMB.4.2.1. Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n | | | ▪ LPMB.4.3.1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización. | ▪ CCEC |
| | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | ▪ LPMB.4.3.5. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.5. Achegamento aos procesos compositivos máis habituais.<br>▪ B4.6. Utilización da expresión corporal e o movemento corporal como complemento ao feito musical. | ▪ B4.4. Improvisar ou compor e interpretar unha breve obra musical para unha melodía dada, que necesite a participación de varios executantes e incorporar movemento coreográfico. | ▪ LPMB.4.4.1. Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ n | ▪ B4.8. Participación activa na organización e na realización de actividades musicais.<br>▪ B4.9. Participación na organización e na realización de actividades con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos. | ▪ B4.5. Saber comportarse como espectador/a e intérprete. | ▪ LPMB.4.5.1. Compórtase de maneira correcta como espectador/a e como intérprete. | ▪ CSC |
| | | | ▪ LPMB.4.5.2. Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico. | ▪ CSC |
| | Bloque 5. As tecnoloxías aplicadas ao son | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B5.1. Fenómeno físico-harmónico; movemento ondulatorio.<br>▪ B5.2. Características acústicas dos instrumentos: instrumentos transpositores e electrónicos; manipulación artificial do son.<br>▪ B5.3. Fundamentos dos sistemas de afinación. Consonancia e disonancia. Serie harmónica. Diapasón.<br>▪ B5.4. Transmisión e amortecemento do son.<br>▪ B5.5. Sinal analóxico e sinal dixital.<br>▪ B5.6. Síntese do son: mostraxe (samplers), filtros de frecuencias.<br>▪ B5.7. Hardware musical: computadores, tarxetas de son e conexións.<br>▪ B5.8. Tipos de software musical: editores de partituras, secuenciadores, programas xeradores de acompañamentos e mesas de mesturas. | ▪ B5.1. Realizar traballos e exercicios aplicando as ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías. | ▪ LPMB.5.1.1. Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B5.9. Práctica dos sistemas de gravación analóxica ou dixital, de procesamento de sons de comunicación MIDI en interpretacións ou creacións propias.<br>▪ B5.10. Realización de sonorizacións a través da improvisación, a composición ou a selección musical de textos ou de imaxes. | ▪ B5.2. Crear pezas sonoras ou audiovisuais utilizando distintos sistemas de reprodución e gravación de son. | ▪ LPMB.5.2.2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición e a gravación. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |

# ADAPTACIÓN PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

**ELABORACIÓN DOS SEGUINTES TRABALLOS:**

1. Gravación de 2 anuncios publicitarios co móbil seguindo as instruccións que lle facilitará o profesor. Un deles utilizará música pre-gravada e o outro música elaborada e gravada co móbil polo propio alumno, actividade coa que traballarán tanto a teoría da música publicitaria como as técnicas de gravación dixital ao tempo que se fomenta no alumnado a creatividade.
2. Realización de 2 traballos:

1. Sobre un compositor de música cinematográfica, en que o profesor lles indicará o que deben facer e como facelo: pequena biografía, estilo ou estilos musicais, principais películas, bibliografía e webgrafía.

2. Sobre un grupo ou solista musical galego,en que o profesor lles indicará o que deben facer e como facelo: pequena biografía, estilo ou estilos musicais, principais cancións, bibliografía e webgrafía.

# Temporalización

O tempo dedicado á prática da linguaxe musical (o solfexo), á técnica e a interpretación vocais e a técnica e interpretación instrumentais, e o dedicado á composición de pezas, variará en función das dificultades do alumnado na aprendizaxe de cada un dos contidos. Xa que logo, irase detallando conforme avance o curso e formará parte da memoria final.

# Instrumentos de avaliación

Haberá tres probas teóricas cada trimestre, coas súas correspondentes avaliacións.
Haberá unha recuperación final de todas as avaliacións en conxunto.

**Grao mínimo de consecución para superar a materia**

Obter un 5 de media entre todas as probas.

**Metodoloxía didáctica para 1 º de BACH**

As clases comezarán cunha explicación teórica sobre o tema en cuestión acudindo a audicións para exemplificar o explicado. A continuación o profesor praticará cos alumnos os elementos específicos relativos á lectura de notas, ritmos e demais elementos da linguaxe musical, pasando, a continuación, á prática e ensaio cos instrumentos de que se dispón na aula (xilófonos, metalófonos e algúns instrumentos de percusión) e voces. Por suposto, a metodoloxía variará en función dos temas que se expliquen pero sempre se procurará que haxa en cada sesión de clase audicións e práticas de técnica musical e/ou de prática instrumental e vocal.

No apartado de práticas, procurarase que o alumno aprenda o dominio do solfexo, a escribir e memorizar ritmos e melodías así como a recoñecer intervalos e fórmulas rítmicas. Tamén se habituará ás pautas de interpretación: atención ao director, individualización do papel de cada alumno e escoita en conxunto do que fan os demais.

Non se utilizará libro de texto, senón apuntamentos que se facilitarán fotocopiados.

# Criterios de cualificación

A cualificación consistirá na suma da aplicación dos criterios de avaliación.
A nota final da asignatura será a media aritmética das notas das tres avaliacións.

**Estándares de aprendizaxe non acadados no curso anterior (4º ESO)**

Situar a obra musical nas coordenadas espazo-temporais.

Análise a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identificación das súas características fundamentais.

Recoñecemento e explicación das características básicas da música popular urbana.

Manexo das técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.

-Coñecemento dunha breve historia da música popular urbana.

**Materiais e recursos didácticos a disposición do Departamento**

O IES de Neda conta con:

-Unha televisión HD.

- Unha aula específica para impartir as clases de Música. Dita aula está dotada dunha equipa de reproducción para discos compactos e DVDs, cunha calidade de reprodución aceptable.

-Un piano eléctrico (Clavinova) en mal estado, con rexistros de piano, cravo e órgano.

- Unha colección de discos compactos de 70 unidades, que abrangue case todos os estilos da música culta occidental.

- Unha guitarra española.

- Doce xilófonos de distintos tamaños e afinacións (algúns en mal estado).

- Instrumentos variados de percusión.

-Un tomo de Historia da Música, ademais dun exemplar do libro **"Iniciación á linguaxe musical"** de Paulino Pereiro, cedido polo autor. Conta ademais cunha ducia de libros variados (antigos libros de texto) sobre temas relacionados coa Música.

**Indicadores de logro para avaliar o proceso da práctica docente**

O profesor irá adaptando a maneira de impartir as aulas segundo o nivel do alumnado, certificado previamente polas probas ao inicio do curso (avaliación inicial) e pola constatación do maior ou menor grao de aprendizaxe da materia impartida. A constatación virá dada polos resultados académicos e a percepción do maior ou menor interese sobre os temas impartidos.

Dado que parte do alumnado non se interesa pola materia en 2º e 3º da ESO (cando é obrigatoria) será precisamente neses cursos onde se prestará maior atención á autoavaliación da prática docente.

## Recuperación e avaliación de pendentes e repetidores

### Alumnado coa música de 2º pendente

Dúas probas (orais ou escritas) dacordo cos seguintes contidos:

**1ª proba:**

a) Notación de altura (notas e alteracións), intensidade (matices), timbre e duración (figuras).

b) Características das seguintes formas musicais: concerto, sonata, lied, fuga e rondó.

**2ª proba:**

a) Clasificación das voces.

b) Familias de instrumentos da orquestra sinfónica.

No caso de non superaren as probas os alumnos terán dereito a facer un exame en xuño con toda a materia.

### Alumnado coa música de 3º pendente

1. Elaboración de dous traballos escritos sobre temas relacionados cos contidos de 3º de ESO.

2. Dous exames ao longo do curso.

No caso de non entregaren os traballos nos prazos establecidos, ou de non aprobaren os exames, os alumnos terán que facer un exame en maio con toda a materia.

### Alumnado repetidor

1. Elaboración de dous traballos escritos sobre temas relacionados cos contidos de 2º e 3º de ESO.

**Avaliación inicial**

**Acreditación de coñecementos previos**

Os alumnos de 2º de ESO, primeiro ano de música no instituto, realizarán unha proba de coñecementos xerais de música nada máis comezar o curso para avaliar o nivel que traen dos cursos de primaria na materia de Música. A proba, que será oral, realizarase o primeiro día de clase.

**Medidas de atención á diversidade**

1. Atención personalizada na aula aos casos de problemas de aprendizaxe e/ou de comprensión dos contidos, así como da integración cos demais compañeiros.

2. Adaptación do currículo ás características dos alumnos con problemas, facéndolles exames máis apropiados ás súas limitacións.

3. Seguimento diario do progreso e adecuación ou non das medidas aplicadas.

4. Asistencia a concertos fóra do instituto.

**Programación dos temas transversais para 2º, 3º e 4º de ESO**

Durante o desenvolvemento das clases, especialmente nas relacionadas coa música popular urbana e coas músicas étnicas dos diferentes países, procurarase fomentar o respecto polos gustos dos demais, a apreciación da diferenza e a valorización das diferentes maneiras de entender a arte e as funcións da música nos diferentes lugares do mundo e nos distintos estilos de música urbana. Insistirase sobre **o respecto e a tolerancia**.

**Actividades complementarias e extraescolares**

1. Concertos na aula do profesor comentando as pezas interpretadas.
2. Na medida do posible, traer á aula intérpretes de diferentes instrumentos.
3. Aproveitamento para realizar concertos con alumnos que realicen estudos no conservatorio.

**Procedementos para avaliar a propia programación**

Ao remate do curso académico, na memoria, incluirase unha valoración dos resultados acadados e dos que non o foron, en relación coas cualificacións do alumnado e coa impartición ou non da totalidade do programa así como das actividades realizadas ou que non pudieron ser realizadas.

**Información ás familias**

**Constancia de información ao alumnado**

A programación do Departamento está a disposición do alumnado, non só no propio Departamento senón tamén na Biblioteca e (a partires do momento en que esta programación sexa aprobada pola Inspección Educativa, na páxina web do centro). Nela inclúense os contidos, os contidos mínimos, os criterios e procedementos de avaliación e mais as actividades de recuperación dos pendentes.

As familias poderán acceder a esta programación consultándoa ben no Departamento de Música, ben na Biblioteca ou na páxina web do centro. Asimesmo, o profesor mostrará a calquera alumno/a, pai / nai que o solicite a programación aclarando as dúbidas que poidan producirse, especialmente en canto aos criterios e modos de avaliación.

**Accións de acordo co proxecto lector**

Os alumnos dos diferentes niveis terán que ler ao longo do curso textos relacionados cos contidos impartidos en cada nivel, textos relacionados cos traballos que terán que realizar sobre compositores ou intérpretes.

**Accións do plan de integración TIC**

Os alumnos dos diferentes niveis farán práticas na clase sobre a utilización de programas informáticos relacionados coa música. Tamén farán búsquedas (de información e de audicións) na Internet coa finalidade de aprenderen a se manexaren na rede.

**Memoria da área de Música do I.E.S. Fernando Esquío de Neda**
**Curso 2019-2020**

**Xefe de Departamento:**
**Paulino Pereiro Martínez**

**N.R.P. 3242927768A0590**

## 1. **GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS NO PXA (inclúense as modificacións pola covid-19)**

### 2º ESO: Música

O Departamento de Música do IES Fernando Esquío fai constar que, por causa da covid-19, foi necesario introducir as modificacións que se detallan a seguir con respecto da programación presentada a comezo de curso.

**Programación impartida**

-Parámetros do son (altura, intensidade, timbre e duración) e a súa notación na partitura.
-Funcionamento da voz. Tipos de voces: infantís, masculinas e femininas (soprano, mezzo, contralto, castrato, falsetistas artificiais, contratenor, tenor, barítono e baixo).
-Os instrumentos e o corpo como medios de expresión musical. Definición de instrumento musical e tipos (idiófonos, membranófonos, cordófonos, aerófonos e electrófonos). Utilización do corpo como instrumento: palmas, berros, asubíos, susurros, etc.
-Principais formacións de música culta, de cámara e orquestrais (dúo, trío, cuarteto de corda, quinteto de vento, orquestra sinfónica, banda e fanfarria); formacións de música popular, os grupos pop-rock, os coros, agrupacións de música folclórica galega (o cuarteto tradicional de 2 gaitas, tamboril e bombo).
-Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
-Formas de notación musical: a notación alfabética e os principios fundamentais da diastemática.
-Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos.
-A dinámica, o tempo (velocidades e maneira de indicalas, o metrónomo).
-A contaminación sonora (repercusións da contaminación acústica na vida diaria). O sonómetro e os diferentes niveis de decibeles da actividade humana e dos ruídos naturais.
-Utilización de software musical para a creación musical: explicación elemental do programa de edición de partituras FINALE.

**Estándares de aprendizaxe non acadados**

-Creación de pequenas pezas instrumentais.
-Memorización e interpretación de pezas vocais e/ou instrumentais galegas ou universais.
-Invención dunha escrita musical a cargo dos alumnos.
-Práctica de pezas musicais aprendidas coa lectura de partituras e posterior memorización.
-A forma musical: principais estruturas: rondó, lied estrófico e ternario, a fuga e a forma sonata.
-Elaboración de traballos sobre a contaminación acústica.

**Plan de recuperación**

Dedicaranse as primeiras catro semanas do próximo curso ás seguintes tarefas:
-Elaboración de traballos sobre a contaminación acústica.

-Explicación da forma musical (principais estruturas: rondó, lied estrófico e ternario, a fuga e a forma sonata).
-Creación de pequenas pezas instrumentais.
-Memorización e interpretación de pezas vocais e/ou instrumentais galegas ou universais. Práctica de pezas musicais aprendidas coa lectura de partituras e posterior memorización.
-Invención dunha escrita musical a cargo dos alumnos.

## 3º ESO: Música

## (inclúense as modificacións pola covid-19)

O Departamento de Música do IES Fernando Esquío fai constar que, por causa da covid-19, foi necesario introducir as modificacións que se detallan a seguir con respecto da programación presentada a comezo de curso.

**Programación impartida**

-Repaso dos elementos da representación gráfica da música (notas, figuras, signos de prolongación, compases e indicacións de tempo e de matiz).

-A textura. Definición e caracterización de cada un dos tipos de texturas monódicas e polifónicas.

-Procedementos compositivos e formas de organización musical (repetición e variación. Formas musicais: sonata, rondó, lied e fuga).

-Práctica da relaxación, a articulación, a resonancia e a entoación.

-Memorización e interpretación de pezas musicais en grupo. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos.

-Distinción do compás, a velocidade, a textura e a forma musical a partir de diferentes audicións.

-Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo e dinámica.

-Explicacion elemental das principais características da música no cine.

-Utilización de software musical para a creación musical.

-Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular.

**Estándares de aprendizaxe non acadados**

-Épocas da historia da música: características principais e autores significativos.

-Recoñecemento e situación no espazo e no tempo de músicas de diferentes culturas e épocas históricas.

-Realización de composicións elementais seguindo pautas previamente establecidas.

-Emprego de conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais.

**Plan de recuperación**

No caso de escolleren a materia optativa de 4º de ESO, dedicaranse as primeiras catro semanas a explicar:

-Épocas da Historia da Música (oa diferentes estilos): principais características e autores máis importantes, coa finalidade de que recoñezan e sitúen no espazo e no tempo as músicas das diferentes épocas históricas así como algúns exemplos de músicas doutras culturas.

-Realización de composicións elementais seguindo pautas previamente establecidas.

-Emprego de conceptos musicais para comunicar as opinións musicais.

## 4º ESO: Música

## (inclúense as modificacións pola covid-19)

O Departamento de Música do IES Fernando Esquío fai constar que, por causa da covid-19, foi necesario introducir as modificacións que se detallan a seguir con respecto da programación presentada a comezo de curso.

### Programación impartida

-Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas mediante a lectura de partituras.
-Composición de diferentes ritmos para aplicárllelos ás pezas interpretadas.
-Utilización de diversas fontes de información sobre músicas de diferentes épocas e culturas.
-Elaboración de traballos sobre as características máis salientables dalgún dos estilos musicais da actualidade.
-Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.
-Utilización dos recursos de internet e software musical para a creación musical.
-Elaboración de traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.
-A música ao servizo doutras linguaxes: corporal e cinematográfica.
-Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre música popular urbana.

### Estándares de aprendizaxe non acadados

Situar a obra musical nas coordenadas espazo-temporais.
Análise a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identificación das súas características fundamentais.
Recoñecemento e explicación das características básicas da música popular urbana.
Manexo das técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.
-Coñecemento dunha breve historia da música popular urbana.

### Plan de recuperación

No caso de escolleren a materia optativa de 1º de Bacharelato, dedicaranse as primeiras catro semanas a explicar:
-a música popular urbana (características básicas, e breve historia),
-unha brevísima historia da música occidental (que sería consolidada e ampliada en 2º de Bacharelato)
-técnicas básicas para a elaboración dun produto audiovisual.

**2º BACHARELATO: Historia da Música e da Danza**

**(inclúense as modificacións pola covid-19)**

O Departamento de Música do IES Fernando Esquío fai constar que, por causa da covid-19, foi necesario introducir as modificacións que se detallan a seguir con respecto da programación presentada a comezo de curso.

Os 10 alumnos matriculados cumpriron satisfactoriamente os principiais obxectivos do curso:

1. Captar a través da audición e/ou visión de obras representativas, con ou sen apoio de partituras, as súas principais características formais, estéticas e estilísticas, a fin de situalas nos diferentes períodos da historia da música e da danza.

2. Coñecer as características dos diferentes períodos estilísticos da música e da danza, mediante o estudo das súas obras e persoas creadoras máis representativas, para comprender a evolución e importancia destas disciplinas artísticas no transcurso da historia.

3. Empregar unha terminoloxía apropiada, sexa oralmente ou por escrito, para expresar procesos musicais ou coreográficos, así como para formular e defender as súas valoracións críticas e persoais.

4. Utilizar con autonomía e creatividade as fontes bibliográficas e as tecnoloxías da información e da comunicación, valorando a súa utilidade como recursos tanto para o coñecemento e a investigación como para o lecer.

## 2. DIFICULTADES ATOPADAS (durante os dous primeiros trimestres)

A principal dificultade atopada foi a imposibilidade de atender particularmente as dificultades de cada un dos alumnos, debido á grande cantidade de alumnos na aula, (en 2º e 3º de ESO). A esta hai que sumarlle a actitude dos repetidores que plantexaron continuos problemas de conducta, impedindo o normal funcionamento das clases.

Por outra parte, o Departamento presenta unha limitación de material (falta de xilófonos e metalófonos), o que impide que cando menos cada dous alumnos dispoñan dun instrumento para as clases prácticas.

## 3. PROPOSTA DE MELLORA

Reducción do número de alumnos por aula, arredor de 15 en total, o que permitirá unha mellor atención e realizar as práticas instrumentais previstas na programación de 2º e 3º ESO.

Eliminación, na medida do posible, dos temas relacionados coa prática da danza. Por dúas razóns:

-O profesor non ten a preparación necesaria para realizar esta actividade, xa que a súa titulación é de Conservatorio de Música (e non de Conservatorio de Danza) e a súa praza por oposición tamén.

-A actividade ocupa demasiadas clases e resta tempo para outras actividades incluídas no currículo máis relacionadas directamente coa técnica ou a prática musical.

## 4. RESULTADOS ACADÉMICOS

### 2º E.S.O

Na convocatoria de xuño, dos dous grupos, cun total de 45 alumnos/as resultaron as seguintes cualificacións:

Sobresaliente: 6

Notable: 9

Ben: 12

Suficientes: 14

Insuficientes: 4

Na convocatoria de setembro non se presentou a exame ningún dos 4 alumnos/as suspensos.

### 3º ESO

Do total de 34 alumnos/as, divididos en 2 grupos, (máis unha alumna coa materia convalidada, que non asistiu ás aulas) resultaron as seguintes cualificacións:

Sobresaliente: 12

Notable: 15

Ben: 6

Suficientes: 1

### 4º ESO

Do total de 10 alumnos/as matriculados resultaron as seguintes cualificacións:

Sobresaliente: 7

Notable: 3

### 2º BACHARELATO

Do total de 7 alumnos/as matriculados en 2º de Bacharelato, na materia Historia da Música e da Danza, resultaron as seguintes cualificacións:

Sobresaliente: 3

Notable: 2

Ben: 1

Suficiente: 1

### PENDENTES

Os dous alumnos de 3º coa materia de Música de 2º pendente, realizaron os traballos e actividades pertinentes, superando así a materia.

Neda, 25 de setembro de 2020

Asinado:

Paulino Pereiro Martínez,
Xefe do Departamento de Música do IES Fernando Esquío de Neda.